

Estás en: Inicio / Información e servizos / Servizos de información / Sala de comunicación / Actualidade

A AGASP colaborará coa Federación Galega de Loitas Olímpicas para ensinar defensa persoal aos policías de Galicia

Poderán optar aos cursos uns 18.000 membros das Forzas e Corpos de Seguridade Pública e aos profesionais de Seguridade Privada de Galicia

Redundarán nunha mellor e maior preparación dos colectivos encargados da seguridade pública

[Volver](#)

Santiago, 5 de febreiro de 2010. - O director xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), José Carlos García Bouzas, e o presidente da Federación Galega de Loitas Olímpicas (FGLO), Jose Luis Olazábal Ibars, asinaron esta mañá un convenio de colaboración para a organización conxunta de cursos de defensa persoal policial.

A Academia considera prioritaria esta colaboración ao considerar que os contidos formativos relacionados coa especialidade de Defensa Persoal Policial redundarán nunha mellor e maior preparación dos colectivos encargados da seguridade pública pertencentes tanto ás Forzas de Seguridade Pública Cidadán, así como para os profesionais da Seguridade Privada de Galicia. Poderán optar a estes cursos uns 18.000 profesionais deste eido.

Á Federación Galega de Loitas Olímpicas correspóndelle, no ámbito da Comunidade galega, a promoción da especialidade de Defensa Persoal Policial, a expedición dos diplomas correspondentes aos nove e grados obtidos na mesma, ao tempo que desenvolve anualmente unha serie de cursos de actualización para os profesionais da seguridade.

Mediante este convenio establece o marco de colaboración para a organización conxunta de cursos de Defensa Persoal que se convocarán e organizarán no ano 2010 -xuno e decembro- a través da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Dentro das especialidades en defensa persoal policial, impartiránse cursos de técnicos especialistas en catro niveis; cursos de Cinturón Negro, do 1º ao 7º dan; e cursos de monitor nacional nivel I, entrenador nacional nivel 2 e 3, e o mestre nacional. Os alumnos que superen cada un dos cursos obxecto do convenio recibirá un diploma de aproveitamento recoñecido e asinado polas dúas entidades formativas.

Para proceder á selección dos alumnos aspirantes á realización dos cursos constituirase un órgano paritario de selección composto por dous representantes da AGASP e outros dous da FGLO, que farán a selección atendendo aos requisitos e criterios fixados nas convocatorias. Así mesmo, para o seguimento e execución do convenio, así como para a coordinación da actividade docente, créase unha comisión mixta integrada polo presidente e o director técnico da FGLO e o director e o secretario xeral da Academia.



O director da EGAP asinou o convenio co presidente da Federación Galega de Loitas Olímpicas

Tema: Xustiza

Departamento: Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza



© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | Suxestións e queixas | Aviso legal | Atendimento/a